



## ANATOMÍA APLICADA

A materia de Anatomía Aplicada estuda o corpo humano dende un punto de vista científico. Tamén trata da motricidade humana, do funcionamento do sistema locomotor o cal pode dotar o alumnado da base necesaria para que, dentro dunhas marxes saudables, poida mellorar o seu rendemento nas actividades que desenvolva, así como, en xeral, na vida. Esta materia emprega coñecementos de áreas como a anatomía, fisioloxía, biomecánica, etc.... e está moi emparentada coa educación física.

Estudiarase as estruturas e as funcións do corpo humano máis relacionadas coa acción motora e o seu rendemento, como son o sistema locomotor e o cardiopulmonar, ou os sistemas de control e regulación; afonda en como estas estruturas determinan o comportamento motor e as técnicas expresivas que compoñen as manifestacións artísticas corporais, e os efectos que a actividade física ten sobre elas e sobre a saúde. Na mesma liña, abórdanse tamén nocións básicas dos sistemas de achega e utilización da enerxía, e afóndase nas bases da conduta motora.

Esta materia estrutúrase en diversos bloques: "As características do movemento", "Organización básica do corpo humano", "O sistema locomotor", "O sistema cardiopulmonar", "O sistema de achega e utilización da enerxía", e "Os sistemas de coordinación e de regulación",

Faranse moitas prácticas de laboratorio onde se abriran diversos órganos (corazón, pulmón, ril...) e na parte final do curso acudiremos ao ximnasio do centro para analizar temas como a postura corporal, a relaxación, a coordinación, etc. Tamén aprenderemos a facer a reanimación cardiopulmonar (RCP).



## LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL

Esta materia pretende dotar ao alumn@ de distintos recursos que lle permitan adquirir un nivel básico de lectura e escritura musical dende distintos ámbitos:

- ✚ Mediante a práctica vogal e instrumental.
- ✚ Utilizando de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como editores de partituras e recursos para a aplicación audiovisuais, ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación do feito musical.
- ✚ Mediante a expresión corporal e a danza.
- ✚ A través da audición comprensiva de distintos tipos de música.

Sempre que as circunstancias sociais o permitan, tentaremos asistir a eventos de espectáculos e concertos. Este tipo de actividades axudarános a entender o feito musical de maneira directa , así como de relacionar a música co resto das artes, obtendo unha visión estética máis ampla e interdisciplinar.

Asemade, intentarásese que gran parte do material traballado nas clases sirva para organizar distintos eventos en colaboración con outros departamentos. Tamén é posible participar en encontros musicais con outros centros .



## CULTURA CIENTÍFICA

A ciencia e a tecnoloxía son fundamentais para resolver os retos que teñen as sociedades entre mans. A materia de Cultura Científica contribúe a que o alumnado avalíe enunciados relacionados con estas cuestións e tome decisións fundamentadas en probas de carácter científico, diferenciándoas das crezas e das opinións. En definitiva, trátase de que os cidadáns e as cidadás sexan competentes para tomar decisións baseadas no coñecemento científico, nun marco democrático de participación cidadá, desenvolvendo deste xeito a competencia social e cívica.

Repetidas veces, os medios de comunicación informan sobre cuestións científicas e tecnolóxicas de actualidade, o vemos estes dias co tema do COVID-19. A materia de Cultura Científica contribúe a que o alumnado avalíe enunciados relacionados con estas cuestións e tome decisións fundamentadas en probas de carácter científico, diferenciándoas das crezas e das opinións. En definitiva, trátase de que os cidadáns e as cidadás sexan competentes para tomar decisións baseadas no coñecemento científico, nun marco democrático de participación cidadá, desenvolvendo deste xeito a competencia social e cívica.

Un dos aspectos básicos da competencia científica é a capacidade de utilizar probas e argumentar en relación a cuestións de carácter científico, e tomar decisións baseadas en probas. A materia de Cultura Científica debe contribuír a isto, a través dunha metodoloxía que enfrente o alumnado ao reto de utilizar probas e argumentar nun contexto real e mediante o diálogo entre iguais. O traballo cooperativo e colaborativo, a formulación de tarefas en contextos reais e o traballo experimental deben, xa que logo, formar parte do desenvolvemento curricular na aula.



## TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN (TIC) I E II

Esta materia, en ambos os dous niveis, desenvólvese na aula de informática.

O principal obxectivo destas materias é aprender a utilizar os recursos informáticos. Por un lado, o manexo de todo tipo de programas e aplicacións informáticas, creación de blogs, deseño de páxinas web, desenvolvemento de aplicacións multimedia, programación informática... E por outro lado, o coñecemento dos compoñentes internos dos equipos e a súa montaxe e a instalación dos periféricos.

Na actualidade as TICS son unha ferramenta necesaria en todas as disciplinas.

## ROBÓTICA

Esta materia levarase a cabo, na súa meirande parte, no taller e na aula de informática. A Robótica abrangue o conxunto de actividades dirixidas a proporcionar ao alumnado experiencias relacionadas coa programación, robots, sistemas de control automáticos e contornas de desenvolvemento de prototipos. Comprende tódolos aspectos que son necesarios para resolver un problema tecnolóxico real, dende a análise do problema ata a solución: elaboración do programa informático, deseño do robot, fabricación e montaxe do mesmo e a experimentación.

## TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I E II


Esta materia, en ambos os dous niveis, ten un gran compoñente práctico, xa que alterna os traballos no taller coas clases teóricas e a asistencia á aula de informática.

Os principais obxectivos destas materias son deseñar, coñecer e entender dispositivos dun xeito práctico e real. Deste xeito, os alumnos aprenderán todo o proceso produtivo: o deseño mediante a formulación de proxectos, as técnicas necesarias para a produción, a análise do funcionamento dos obxectos e a resolución dos problemas que puideran xurdir no seu funcionamento. Todo isto encamiñado á resolución de problemas reais, empregando os recursos que temos a nosa disposición sen deteriorar o medio ambiente.

Nestas materias afianzaranse o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza en un mesmo e sentido crítico.



## ESTUDOS AOS QUE SE ACCEDE DENDE A RAMA TECNOLÓXICA





## TALLER DE EXPERIMENTOS

Esta materia que se cursa como optativa no 1º Curso do bacharelato, está ideada como un achegamento ao traballo da experimentación no laboratorio de Física e de Química.

O curso está polo tanto dividido en dúas etapas, cada unha de elas adicada a cada unha das Ciencias que son o seu obxectivo.

Na primeira parte do Curso, traballaremos o laboratorio de Química aprendendo as técnicas de traballo, as normas de seguridade, o coñecemento do material de laboratorio, o uso dos reativos químicos, a preparación de disolucións, o recoñecemento de ácidos e bases e as súas reaccións, as reaccións de precipitación e, a electroquímica e a fabricación de pilas e a identificación de substancias químicas.

Na segunda parte do Curso continuaremos co laboratorio de Física aprendendo a medir o movemento lineal e no plano, as forzas, os rozamentos, o movemento harmónico, a determinación da gravidade, o estudo da enerxía, o electromagnetismo rematando co estudo experimental das características da luz.

É un Curso eminentemente práctico destinado ao mellor coñecemento do universo material.

O modelo de traballo será, en algúns casos individual pero na maioría das tarefas os traballos serán realizados en equipo.

O alumnado aprenderá a levar ao día un caderno ou diario de laboratorio (o elemento esencial do traballo experimental) no que irá referindo as experiencias realizadas e as súas conclusións nun estilo simple máis eficaz.

Ademais o alumnado aprenderá a aplicar a folla de calculo ao traballo experimental, tanto para a indicación e o estudo de procesos por medio de táboas e gráficos, como na determinación de variabeis e constantes.

Tamén, como parte do traballo, aplicara as novas tenoloxías ao traballo en forma da elaboración de presentacións e videos.

A avaliación do alumnado realízase por medio da revisión do dos traballos realizados de forma individual e en grupo.



## DEBUXO TÉCNICO I E II

O debuxo técnico é un sistema de representación gráfica de todo tipo de obxectos para posibilitar o seu deseño e posterior fabricación.

Nesta materia aprenderemos as bases para a realización de todo tipo de representacións tanto en dúas como en tres dimensións.

Esta linguaxe esixe un alto grao de exactitude, precisión e claridade, para o que existe unha normativa que serve como axuda a interpretación por outras persoas.

Cada curso distribúese en tres partes: xeometría plana, xeometría descritiva e perspectivas. No primeiro de xeometría plana estúdanse os trazados básicos de calquera forma: polígonos, curvas, transformación...

A xeometría descritiva estuda dentro do Sistema Diédrico a representación neste sistema e os métodos de cálculo que este sistema permite con grande precisión.

As perspectivas axúdannos a ter unha imaxe de forma tridimensional dos obxectos.



## REFORZO DE INGLÉS

### XUSTIFICACIÓN

A nosa proposta consiste no reforzo dos contidos da programación xeral de 1º de Bacharelato facendo especial fincapé na parte práctica dos mesmos e afondando naqueles aspectos que presenten mais complexidade aos alumnos, ben sexa a nivel gramatical, de vocabulario ou na práctica das distintas destrezas.

A principio de curso farase unha avaliación diagnóstica e , dese xeito, coñecer si o grupo de alumnos/as precisa un reforzo en canto aos contidos básicos na materia, o , si se pode facer unha ampliación dos mesmos.

### OBXECTIVOS

- ✚ Comprender o sentido xeral, a información específica e os detalles necesarios de textos orais transmitidos en situacións cara a cara ou por medios técnicos, emitidos nunha lingua estándar e que traten temas habituais vinculados coa vida persoal e social e as distintas disciplinas do currículo.
- ✚ Producir textos orais coherentes e adecuados a distintas situacións de comunicación propias da idade e do nivel académico de estudos, con razoable fluidez e corrección, asegurando na interacción e a eficacia comunicativa dos discursos emitidos.
- ✚ Escribir, en soportes variados, diversos tipos de textos sinxelos, ben organizados e con razoable corrección lingüística e formal, sobre temas próximos e con distintos propósitos comunicativos.
- ✚ Comprender textos escritos en lingua estándar, tanto en rexistro formal como familiar, que aborden unha temática xeral ou relacionados co ámbito académico propios da idade e do nivel de estudos.
- ✚ Ler de forma autónoma textos xornalísticos, de divulgación científica e literarios, seleccionando a estratexia de lectura apropiada ao propósito da lectura e valorando esta como fonte de información, coñecemento e lecer.





- ✚ Utilizar e valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio para acceder á información e a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a súa importancia como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural e plurilingüe.
- ✚ Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais dos países en que se fala a lingua estranxeira tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre estes e os propios, e evitando toda discriminación e estereotipos culturais e lingüísticos.
- ✚ Utilizar a mediación entre persoas que non poden entenderse para facilitar que a comunicación se realice sen malentendidos e mellorar a comprensión intercultural.
- ✚ Saber planificar a propia aprendizaxe e adoptar unha postura activa e responsable dela, utilizando recursos, como as tecnoloxías da información e da comunicación, e estratexias para mellorar o desenvolvemento da competencia comunicativa e poder guiar a aprendizaxe de forma consciente dentro e fóra da aula.
- ✚ Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira amosando neste proceso actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade.



### MATEMÁTICAS

- ✚ O alumnado do Bacharelato Científico – Tecnolóxico ten que estudar obrigatoriamente Matemáticas en ambos curso de bacharelato (MAT I en 1º de bacharelato e MAT II en 2º de bacharelato)
- ✚ O alumnado do Bacharelato de Ciencias Sociais ten que estudar obrigatoriamente Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais en ambos curso de bacharelato (MAT I CCSS en 1º de bacharelato e MAT II CCSS en 2º de bacharelato)
- ✚ O alumnado do Bacharelato de Humanidades non pode estudar matemáticas
- ✚ Tanto MAT como MAT CCSS son de dificultade semellante e comparten moitos dos contidos. Pero o certo é que a esixencia en MAT II é superior á de MAT II CCSS, tanto no bacharelato como logo nas probas de acceso á universidade (ABAU).
- ✚ Ambas materias son de 4 horas semanais en cada curso.

| <b>Matemáticas<br/>(MAT I e MAT II)</b>  | <b>Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais<br/>( MAT I CCSS e MAT II CCSS)</b>  |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Orientadas a calquera grado de ciencias ou tecnoloxía</li> <li>○ Inclúen un bloque de contidos relacionado coa xeometría (trigonometría e xeometría do espazo)</li> <li>○ O bloque de Probabilidade e Estatística <b>é máis reducido</b> que en MAT I CCSS e MAT II CCSS</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Orientadas a calquera grado das Ciencias Sociais</li> <li>○ Non inclúe o bloque de xeometría</li> <li>○ O bloque de Probabilidade e Estatística <b>é máis amplo</b> que en MAT I e MAT II</li> </ul> |

- ✚ Pódese consultar o currículo detallado das diferentes materias en <http://www.edu.xunta.gal/portal/guiadalomce/bacharelato/materias/to>